

- Que se describe en cada un destes textos? Decide en que tipoloxía de textos descritivos encaixa cada fragmento.
- Todos os textos son literarios? Cres que as descrições son exclusivas dalgún tipo de xénero?
- Sinala que descrições son obxectivas e cales son subxtivas?

Texto 1

Ese minuto simple de estampa xaponesa tingue a Ría de gris: Así tardiña, tempo que pasa como pasa a cor.

Luz que eu vin morrer por Rande, só un intre de gloria.

O ceo nin se explica. Todo e nada no velo migratorio que anticipa a noite.

Xohana Torres, *Tempo de ría*, 1992.

Texto 3

A vella cadeira anteriormente tiña sido verde, agora era moura, denegrida, marrón. O respaldo continuaba sendo verde e contrastaba co negro enfurruxado das patas de ferro.

M^a Xosé Queizán, *A orella no buraco*, 1965.

Texto 5

Como a maioría de vostedes xa sabe, o entomodelfo é un mamífero ovíparo orixinario de Grenlandia. Coñecido cientificamente como marsupíctero marsupíctero, non sería esaxerado dicir que é algo desgraciado nos seus primeiros tempos de vida, pois a nai, despois de poñer o único ovo cuadrienal, vese instintivamente forzada a emigrar ao suroeste asiático, polo que deixa a cría abandonada á súa sorte. Isto supón o primeiro trauma para o entomodelfo, posto que é un animal mamífero. Mais a vida é a vida e o noso entomodelfo non pode máis ca procurar a mantenza pola súa conta, mantenza que atopa na castaña cocida, que será para sempre o seu principal alimento... Do antedito podemos tirar que o animal obxecto da miña disertación é un mamífero que non mama. A cousa é que a castaña pode ser considerada como a súa base alimentaria.

Paco Martín, *Das cousas de Ramón Lamote*

Texto 2

Aquel home tiña unha alma pura, noble; tiña unha mente clara, fonda, delicadamente sensitiva. A súa personalidade era rica e complexa como poucas. Nel axuntábase a xenerosidade espiritual, o entusiasmo creador do artista coa responsabilidade trascendente e coa forza meditativa do filósofo.

Ramón Piñeiro, *Olladas no futuro*, 1974

Texto 4

Era unha muller miúda, moi morena, alegre, falando un moi gracioso brasileiro, e por disposición testamentaria da condesa, obrigada o resto da súa vida a vestir a batista rosada con adorno de encaixes negros. Recollía o pelo nun grande moño. Traía no equipaxe, herdado da condesa, un can, o canciño Napoleón. Era un lanudo branco, pequeniño, o fuciño azul e os ollos dourados. Vaia, o ollo esquerdo dourado, redondo como unha moeda de ouro cortada pola raia negra da pupila, e o dereito tiña o postizo, que o perdera nun accidente, e no seu lugar puxéranlle un axóuxere. Un axóuxere de ouro. O canciño despertaba sudando, ollaba por onde andaría a condesa, e entón, ao mover a cabeza o axóuxere cantaba.

Álvaro Cunqueiro, *Os outros feirantes*

Texto 6

A un lado, a Dereita do Ensanche, cos seus almacéns de tecidos, os edificios de oficinas e unhas vivendas confortablemente burguesas. Ó outro, separado polo Paseo de Gracia, a Esquerda do Ensanche, máis disposta a acoller hostalerías varias, con cines e bailes e tranvías.

Luís Rei Núñez, *Monte Louro*

Texto 7

A balea azul é un una especie de mamífero mariño da orde dos cetáceos. O seu ventre moitas veces ten unha cor grisácea ou amarelada debido á presenza de algas que se adheren a el. Na parte superior da cabeza posúen dous orificios, chamados aventadores, que lles serven para respirar.

Texto 8

Levaba unha grande pamelas con papoulas de raso. Era branca, moi loura, curta de nariz, os ollos gacios; beizos grosos, pálidos. Camiñaba case sen pousar, tal se esvarase sobre os zapatiños cor limón; a saia verde murcho; branca e bordada a chombra; luvas amarelas.

E. Blanco Amor, *Os biosbardos*